

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN ARTÍSTICA

PLÁSTICA 3º CURSO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
9. DISEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
12. MECANISMO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA
13. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está contextualizada no CEIP de CARNOTA, que se atopa situado na localidade do seu mesmo nome, comarca de Muros e pertencente á provincia de A Coruña. A súa economía está caracterizada por un baixo desenvolvemento global con un claro predominio da actividade pesqueira, un alto grado de emigración no pasado e incluso no presente e a debilidade nos sectores industrial e turístico. Os novos avances en pesca non extractiva, o crecente aproveitamento da enerxía eólica, o incremento do turismo rural e de costa, poderían cambiar esta situación no futuro.

A disposición horaria do centro é: xornada continuada de 9'45 a 14'45 horas. No que atinxe ao ámbito sociolingüístico, cabe sinalar que a lingua máis utilizada é o galego.

Este documento está elaborado para o 3º nivel de educación primaria do CEIP de Carnota, centro situado na costa coruñesa, que alberga a un alumnado maioritariamente galego falante. Neste curso 3º conta cun total de 11 alumnos/as . Non hai alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, e todos eles, agás un neno, estiveron matriculados no centro o curso pasado. Non hai repetidores. O novo alumno procede do estranxeiro e non presenta dificultades cos lingua oral e escrita. Farase unha avaliación inicial para comprobar o nivel e coñecementos que posúe.. Planearanse, sempre que sexa preciso, aspectos relativos ó reforzo e ampliación.

No presente curso o o centro está no programa de plurilingüismo, sendo a materia de plástica a asignada para este programa, polo cal a docencia será en lingua estranxeira (inglés).

Este ano o alumnado sairá da titoría para dar a clase de plástica na aula específica da materia, que será compartida con música.

Dentro do concello non existe ningún tipo de centro educativo especializado que se adique as ensinanzas da materia de plástica, se ben dende o concello oferta distintos cursos de debuxo e pintura.

2.- RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Para facilitar a concreción curricular na Educación plástica establécense tres bloques de contidos. Non obstante, deben entenderse como un conxunto e desenvolverse de forma global, tendo en conta as conexións internas tanto con respecto ao curso como ao longo da etapa.

Educación plástica

Bloque 1. Educación audiovisual. Está dedicado ao estudo da imaxe en todas as súas manifestacións, tanto visual como audiovisual. Neste bloque ten moita importancia a contribución que fan as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) ao mundo da imaxe.

Bloque 2. Expresión artística. Este bloque recolle a exploración dos elementos propios da linguaxe plástica e visual, así como o tratamento dos materiais. Abrangue tamén as posibilidades para expresar o sentido e o percibido con creacións artísticas propias, despois da planificación.

Bloque 3. Debuxo xeométrico. Atopamos aquí un desenvolvemento gráfico dos coñecementos adquiridos na área de matemáticas, no epígrafe de xeometría, polo que a competencia matemática e científico-tecnolóxica estará moi presente.

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas. ▪ B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas. ▪ B1.4. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas. ▪ B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, for- 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	mas e cores sobre diferentes soportes.		<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CCL
<ul style="list-style-type: none"> j a b 	<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais. B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC CCL
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC CD
			<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC CCL
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA				
<ul style="list-style-type: none"> j b 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos. ▪ B2.3. Construción de estruturas con volume. 		acuarelas etc.) para a composición de obras.	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CMCCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)		CURSO	TERCEIRO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> a j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron. B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
<ul style="list-style-type: none"> a c 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo. B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Respetar e valorar o traballo individual e en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC CAA
<ul style="list-style-type: none"> j i 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas. B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas. 	<ul style="list-style-type: none"> EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CD CCEC CD

3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO

- Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.
- Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.
- Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.
- Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia.
- Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.
- Coidar o material e os espazos e utilizalos adecuadamente.
- Respetar e valorar o traballo individual e en grupo.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.

4.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

No presente curso escolar débense incorporar as ensinanzas que quedaron pendentes do terceiro trimestre do curso anterior. Na enseñanza artística as aprendizaxes iniciais ou de anos anteriores están presentes nos cursos seguintes para seguir ampliando os distintos coñecementos que se queren transmitir. Por este motivo, as ensinanzas pendentes son incluídas neste primeiro trimestre a través das xa existentes e, para que quede máis clarificado, engado de cor vermella os estándares de aprendizaxe pendentes do derradeiro trimestre que se traballarán ao longo do primeiro trimestre.

ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	1º T	2ºT	3ºT			
BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL						
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita. ▪ Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno. 	X	X	X	Establece orde para observar os elementos do contexto, e na súa comunicación oral	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as Observación sistemática	Producións plásticas Entrevistas. Posta en común. Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico. ▪ Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas. 	X	X	X	Describe feitos artísticos expresándoos cun criterio artístico	Intercambios orais cos alumnos/as	Entrevistas. Posta en común.

<ul style="list-style-type: none"> EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica. 			X	Identifica e coñece algúns termos propios da linguaxe plástica	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as	Producións plásticas Entrevistas. Posta en común.
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas. 		X	X	Interpreta a información que ofrecen as imaxes, comunicando as sensacións e elaborando informacións básicas	Intercambios orais cos alumnos/as	Entrevistas. Posta en común.
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais. Identifica diferentes formas de representación do espazo. Representa de diferentes maneiras o espazo. Identifica diferentes formas de representación do espazo 	X	X	X	Identifica a posición dos elementos plásticos	Análise das producións dos alumno/as.	Producións plásticas
ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	1º T	2ºT	3ºT			
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións. 		X	X	Clasifica texturas e tonalidades	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as	Producións plásticas Entrevistas. Posta en común.
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. 	X	X	X	Clasifica algunhas texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as	Producións plásticas Entrevistas. Posta en común.

<ul style="list-style-type: none"> EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas. 	X	X	X	Diferencia e recoñece texturas, liñas, formas e cores, nas composicións artísticas.	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as	Producións plásticas Entrevistas. Posta en común.
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas. 			X	Describe polo menos tres profesións relacionadas coas artes plásticas	Intercambios orais cos alumnos/as	Entrevistas. Posta en común.
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra. 			X	Procura información sobre artistas plásticos/as e sobre a súa obra	Análise das produción dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as	Caderno de clase Entrevistas
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información. 		X		Aмосa interese por coñecer formas de expresión novas empregando as novas tecnoloxías	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as Observación sistemática	Producións plásticas Entrevistas. Posta en común. Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas. 	X	X	X	Relaciona artistas coas obras máis representativas	Intercambios orais cos alumnos/as	Entrevistas. Posta en común.
ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	1º T	2º T	3º T			
BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA						
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades. 	X	X	X	Utiliza cores e tonalidades con intención estética	Análise das producións dos alumno/as. Intercambios orais cos alumnos/as Observación sistemática	Producións plásticas Entrevistas. Escala de observación

<ul style="list-style-type: none"> Realiza debuxos e coloreia con diferentes tonalidades. 						
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. Realiza correctamente mesturas de cores primarias. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras. 	X	X	X	Manexa diferentes recursos para a composición de obras	Análise das producións dos alumno/as.	Producións plásticas
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza. 	X	X	X	Manexa material diverso nas súas producións	Análise das producións dos alumno/as. Observación sistemática	Producións plásticas Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. 	X	X	X	Practica o recorte e pega materiais de distintas texturas	Análise das producións dos alumno/as.	Producións plásticas Escala de observación

<ul style="list-style-type: none"> Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais. 					Observación sistemática	
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos. 	X			Completa figuras segundo as liñas como guía	Análise das producións dos alumno/as. Observación sistemática	Producións plásticas Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado. 	X	X	X	Usa correctamente técnicas de picado, encartado e pegado	Análise das producións dos alumno/as. Observación sistemática	Producións plásticas Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada. 		X		Utiliza a cuadrícula para copiar e representar modelos	Análise das producións dos alumno/as. Observación sistemática	Producións plásticas Escala de observación
ESTÁNDAR	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
	1ºT	2ºT	3ºT			
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas. 		X	X	Usa a técnica de colaxe	Análise das producións dos alumno/as. Observación sistemática	Producións plásticas Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría. 		X		Fai composicións a partir do eixe de simetría	Análise das producións dos alumno/as.	Producións plásticas
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado. 			X	Crea imaxes tridimensionais co recorte e pegado	Análise das producións dos alumno/as.	Producións plásticas
<ul style="list-style-type: none"> EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas. 	X			Debuxa a figura humana usando a cuadrícula	Análise das producións dos alumno/as.	Producións plásticas

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo. 	X	X	X	Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo	Observación sistemática	Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas. 	X	X	X	Traballa en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando	Observación sistemática	Escala de observación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. 		X	X	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse	Análise das producións dos alumno/as.	Investigacións
<ul style="list-style-type: none"> ▪ EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas. 			X	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións	Observación sistemática Intercambios orais cos alumnos/as	Escala de observación Entrevistas

5.-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

O obxectivo do ensino da materia de educación plástica é que o alumnado adquira e prograse no dominio das distintas técnicas artísticas que hai dentro de cada campo do arte. Tratarase logo, de que o alumnado sexa capaz de reflexionar sobre o que pretende expresar libremente coas súas manifestacións artísticas a partires, da adquisición previa, das habilidades e coñecementos sobre as distintas técnicas e materiais que se poden empregar, planificando previamente e de xeito reflexivo, a elaboración dun produto final. Todo isto nun marco de respecto tanto cara aos compañeiros coma cara os produtos que estes elaboren.

A metodoloxía didáctica empregada estará guiada polas seguintes liñas de actuación:

- Diálogo previo co alumnado para activar os seus coñecementos previos sobre o aspecto que se traballará.
- Exposición e explicación do proceso da actividade na encerrado dixital a través dun canon con fotos, vídeos, textos..., favorecendo que o alumnado faga cuestións ou propostas sobre a mellor forma de desenvolver a actividade, tanto individual como en grupo, favorecendo deste xeito a participación e a reflexión.
- Facer un ensino diario baseado na práctica, sen esquecer a base teórica previa e necesaria, en cada unidade didáctica.
- Investigación a partir do emprego das TICS (aula de ordenadores) sobre un determinado autor, técnica artística, soporte...
- Traballo individual ou en grupo da actividade e análise da mesma, confrontando de xeito claro e respectuoso.
- Traballo en grupo cooperativo no desenvolvemento de actividades e proxectos sempre mantendo as distancias establecidas pola normativa.
- Expresión cun vocabulario acorde ao seu nivel, os seus resultados de xeito correcto, claro e ordenado.
- No caso de que a **docencia se teña que facer de xeito non presencial ou semipresencial**, os recursos para comunicarse co alumnado serán: a aula virtual do centro, a aplicación Abalar Móbil, e a aplicación Webex de videochamada.
- Os formatos que se poñerán a disposición do alumnado serán: o vídeo, o audio e documentos en diferentes formatos para desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe, buscando a maneira de garantir que todo o alumnado teña acceso ao material.

6.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

6.1.- MATERIAIS DIDÁCTICOS

- Oviedo Malgares, Ana. Plástica 3, Anaya, 2014

6.2.- RECURSOS DIDÁCTICOS

ALUMNADO

- Lapis e goma.
- Caderno de debuxo DIN-A4
- Cores: ceras e rotuladores.
- Regra, escuadra, cartabón e compás

PROFESORADO

- Canon e ordenador con conexión a internet.
- Pizarra dixital interactiva.
- Pizarra branca móbil.

7.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

7.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación quedan reflectidos na táboa do punto 2, onde se pode apreciar a súa relación cos contidos.

7.2.- CUALIFICACIÓN

A cualificación final de cada trimestre obterase a partires das seguintes porcentaxes respectando a proposta feita pola claustro para o primeiro curso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS	%
Realización do traballo na aula: Realización adecuada do traballo Organización dos materiais. Presentación do caderno.	Caderno. Rexistro de actividades de clase. Corrección de actividades. Organización dos materiais.	80,00
Valoración da actitude na aula: Interese Escoita Participación Esforzo Colaboración	Rexistro de participación. Rexistro de actividade na aula	20,00%

Se a causa de que se produza un positivo ou gromo na aula se tivera que proceder á docencia telemática ou semipresencial, os valores de cualificación quedarían como segue:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS	%
Realización do traballo na aula/casa: Realización adecuada do traballo Organización dos materiais. Presentación do caderno.	Caderno. Registro de actividades de clase. Corrección de actividades. Organización dos materiais.	90,00
Valoración da actitude: Interese Escoita Participación Esforzo Colaboración	Registro de participación. Registro de actividade na aula	10,00%

7.3.- PROMOCIÓN

Para unha promoción positiva do alumnado na materia debe de obter, como mínimo, a metade da valoración no apartado referente á elaboración do produto e no traballo diario.

8.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

No proceso de ensino e na práctica docente faise necesaria unha reflexión continua co fin de melloralala. Polo tanto faise imprescindible facer esta auto-avaliación nos seguintes ámbitos de traballo:tratamento da diversidade, motivación e protagonismo do alumnado, actividades da aula, avaliación, programación.

Así os ítems que se valorarán ao final serán os seguintes:

1. Deseño diferentes actividades para o logro de cada un dos obxectivos?
2. Motivo ao alumnado explicando correctamente os obxectivos a conseguir e a finalidade da actividade?
3. Fixen variacións na distribución espacial do mobiliario e do alumnado para a busca de melloras nos resultados?
4. Para o deseño dunha actividade, teño en conta os coñecementos previos do alumnado?
5. Relaciono os contidos das actividades coa vida real facéndolle entender o interese e aplicación da arte no mundo actual?
6. Propoño actividades para fomentar que o alumnado sexa máis autónomo e teña máis iniciativa propia?
7. Busquei e utilicei outros recursos presentes no centro para mellorar os resultados?
8. Involucrei ao demais profesorado na mellora dos resultados do alumnado?
9. Todo o alumnado entende os criterios polos que se lle avalía o seu produto final?
10. Propoño metodoloxías diversas ao longo das diferentes unidades didácticas?
11. Propoño agrupacións variadas do alumnado nas distintas tarefas?
12. Favorezo o traballo interactivo permitindo que as correccións se produzan entre iguais?
13. Empleo materiais e recursos variados para a presentación das actividades?
14. Empleo distintos soportes e materiais para a elaboración do produto final por parte do alumnado?
15. Adapto o material as distintas características do alumnado?

9.- DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS

Como avaliación inicial, o alumnado terá que facer as seguintes tarefas:

- Diferenciar entre cores frías e cálidas
- Debuxar unha figura humana
- Completar as cores que falten nunha roda cromática.
- Crear un patrón para colorear unha figura dada

Para que a realización da proba teña unha cualificación positiva deben cumprirse as seguintes premisas en cada unha delas:

- Diferenciar polo menos tres cores cálidas e tres frías das dez cores propostas
- Debuxar a figura humana con tódalas partes e proporcionada gardando as simetrías
- Completar as cores da roda cromática correctamente
- Manter o mesmo patrón para cada parte da figura

En caso de que algún alumno/a non alcance estes mínimos partirase dos coñecementos dese alumno/a para que afiance estes conceptos básicos. Ao mesmo tempo, o resto do alumnado que si alcanza un mínimo, realizará as mesmas tarefas cunha dificultade maior.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, poñeranse en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares. Entre estas medidas encóntranse o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo.

Se programarán actividades de reforzo e de ampliación para os distintos alumnos e alumnas que poidan necesitar destas actividades de reforzo ou ampliación.

Procurarase a integración nesta área dos alumnos/as con escolarización en aula específica, por ser esta área unha das que máis favorecen a interacción social do alumnado.

Se fose necesario o alumno/a con necesidades educativas especiais contará cun apoio na aula para facer efectiva a súa participación nas actividades da aula.

Atenderemos este punto sempre tendo en conta os criterios establecidos polos seguintes decretos, ordes ou reais decretos:

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a **atención á diversidade** do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación, **agora modificada** pola **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**.

Decreto 320/1996 do 26 de xullo relacionado coa educación de alumnos e alumnas con **necesidades educativas especiais** cuxo concepto cambia coa LOE pasando a denominarse **N.E.A.E.**

No caso dos alumnos con **N.E.A.E.** faremos unha avaliación psicopedagóxica, regulada pola **Orde do 31 de outubro do 2006**, para saber se necesitan ou non, determinadas adecuacións curriculares, como o reforzo educativo ou unha adaptación curricular (**Orde do 6 de outubro de 1995**, que establece as adaptacións curriculares.) Sen embargo, para saber se teñen que facer algunha destas adecuacións, antes tense que levar a cabo unha avaliación inicial (común a tódolos alumnos) e se hai dificultades farase unha avaliación psicopedagóxica, que ven regulada pola **Orde do 31 de Outubro de 1996**, e que será realizada polo orientador.

Así mesmo, existe a **Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenvolve o Decreto 120/98**, onde se explican as funcións dos orientadores e

PT (membros do D.O.)

Real Decreto 943/2003 de 18 de xullo, relacionada cos alumnos e alumnas con altas capacidades.

Orde do 20 de febreiro de 2004, que establece os criterios a seguir co alumnado estranxeiro en Galicia.

Finalmente, é importante destacar a **circular nº18, do 2007/2008, que se fai extensible ata o 2009** e na que se di que tódolos centros teñen que dotarse dun **profesor de apoio a Infantil e Primaria**.

Asemade, como mestres, deberemos atender á diversidade de alumnos e alumnas que nos podemos atopar nunha aula pois cada individuo posúe uns intereses, motivacións e habilidades diferentes.

Por iso a nosa programación vai ser aberta e adaptada aos contínuos cambios que se poden presentar ao longo do curso académico.

Así pois, a atención á diversidade será levada a cabo atendendo 3 aspectos principais:

- A **programación**: tódolos seu compoñentes (obxectivos, contidos, competencias clave, estándares de aprendizaxe, actividades, metodoloxía e avaliación) serán traballados de menos a máis, é dicir, basearémonos nos contidos mínimos que deberán ser adquiridos polo noso alumnado e una vez feito isto, darémoslle a posibilidade de ampliar o seu coñecemento.
- A **metodoloxía**: as actividades serán seleccionadas e levadas a cabo tendo en conta as características individuais dos nosos nenos e nenas.
- Os **materiais**: cuxo uso deberá permitir una flexibilidade dos mesmos tanto por parte do alumando como do propio mestre/-a.

Ante a apreciación de calquera dificultade por parte do alumnado nas aprendizaxes, como docentes, débémonos preguntar:

- Cales son as dificultades e anticipar potencial no grupo para o desenvolvemento da unidade ?
- Como podo minimizar as dificultades ?
- Cales son as necesidades individuais durante o desenvolvemento das diferentes unidades?
- Que recursos e estratexias emprego para atender ás necesidades individuais do alumno/a que teña dificultades de aprendizaxe?

PRINCIPAIS FERRAMENTAS DE REFORZO:

- Realización de exercicios preliminares e complementarios aos propostos nas actividades da unidade.
- Actividades de reforzo e ampliación da unidade de seguimento.
- Atención e reforzo individualizado.
- Traballos en grupo para fomentar a aprendizaxe cooperativa.

Cos alumnos que necesiten a realización de actividades de reforzo das aprendizaxes recibidas exploraremos as posibilidades educativas da titorización entre iguais, programando actividades en parellas formadas por alumnado que supere amplamente os obxectivos mínimos e aqueloutro que non.

En todo caso o alcance destas actividades de reforzo serán determinadas polas características individuais de cada alumno, xa que é imposible a priori ver cales van ser os obxectivos non acadados, nin as causas destas carencias.

11.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

No presente curso escolar, debido a situación sanitaria existente, as saídas serán dentro da contorna do centro e sen empregar ningún tipo de transporte colectivo. Con isto non se prevé a habitual saída didáctica que se viña realizando os pasados cursos.

Dende a materia de educación musical participaranse naquelas actividades que se propoñan dende os diferentes equipos do centro (extraescolares, biblioteca e dinamización da lingua galega)

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

12.1.- AUTO-AVALIACIÓN POR PARTE DO ALUMNADO DO PROCESO DE ENSINANZA – APRENDIZAXE.

A auto-avaliación é un proceso que axuda ao alumnado a tomar conciencia do seu progreso. Para facilitar a auto-avaliación, ao final de cada trimestre, vaise a realizar unha sesión de reflexión onde se traballará co seguinte guión:

Que aprendiches?	
Que dificultades atopaches?	
Que podes mellorar?	

12.2.- AUTO-AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE POR PARTE DO MESTRE

O mestre de educación artística realizará unha avaliación da programación das seguintes maneiras:

- Unha vez ao mes, a marcha programación será avaliada, para comprobar que a temporalización da mesma é axeitada. En caso negativo, introduciranse unha serie de modificacións na mesma para priorizar os contidos máis relevantes.
- Despois da posta en práctica de cada actividade será valorado o seu funcionamento, o uso dos recursos e a metodoloxía. No caso de non ser satisfactoria valorarase o mellor xeito de corrixir os apartados que non funcionen mediante as seguintes variacións:

→ Estudarase a programación de novas actividades para substituír aquelas que non funcionen.
→ Modificarase a secuenciación de contidos
→ Analizaranse novas estratexias metodolóxicas

Para facilitar esta labor de auto-avaliación seguirase o seguinte guión que plantexa unha análise dos puntos máis interesantes na auto-avaliación:

- Foi axeitada a secuenciación dos temas?
- Foron axeitadas a selección de actividades?
- Foron axeitados os medios e recursos propostos para a súa explicación?
- Estiveron as actividades adecuadas á diversidade existente na aula?
- Conseguiuse traballar os obxectivos propostos coas actividades realizadas?
- Motivaron ao alumnado estas actividades?

12.3.- AUTO-AVALIACIÓN DO GRADO E CONSECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN.

En caso de que o grupo non chegue a cumprir coa programación proposta estudarase cal foi o motivo polo que aconteceu este desfase. Entre os posibles motivos susceptibles de análise atopamos:

- Falta de sesións por coincidir con pontes, festivos, saídas didácticas...
- Faltas reiteradas de disciplina no alumnado que atrasa o desenvolvemento normal das sesións.

13.- ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

1º TRIMESTRE

TAREFA 1:

- Representamos cada estación do ano empregando cores cálidas ou frías.
- Trallamos a figura humana a partir da representación das tarefas domésticas
- Facemos unha colaxe coas caras das nosas familias e copiamos a roupa do cuadro “A familia de Carlos IV” de Goya

TAREFA 2:

- Creamos animais a partires de manchas de cores diferentes.
- Traballamos as expresións faciais mediante o recortado e pegado.
- Coloreamos un crocodilo a partir de distintos patróns.

TAREFA 3:

- Completamos un puzzle a partires do recorte e pegado das diferentes pezas que o forman.
- Facemos unha paisaxe de montaña a partires dun debuxo traballando os diferentes tipos de liña.
- Facemos un cangrexo a partires dunha oveira de cartón e coloreamos.

2º TRIMESTRE

TAREFA 4:

- Facemos unha paisaxe de mar a partir de anacos de papeis de cores.
- Traballamos a simetría a partires das froitas
- Facemos un móbil do sistema solar

TAREFA 5:

- Traballamos a perspectiva de lonxe e cerca a partir da figura humana máis grande ou pequena.
- Debuxamos peixes de distintas formas para traballar as liñas e as cores
- Facemos un puzzle a partires dunha obra de baixo relevo (esculturas nas paredes)

TAREFA 6:

- Facemos unha colaxe de cores a partir do debuxo dunha flor
- Elaboramos unha caixa de obstáculos para pelotas pequenas

3º TRIMESTRE:

TAREFA 7:

- Traballamos a colaxe, debuxo con rotulador e debuxo de liñas a partir do Dadaísmo
- Creamos unha colaxe do interior dunha casa a partires de fotos de distintos recunchos dunha casa

TAREFA 8:

- Creamos un cómic con 6 viñetas no que contamos unha historia
- Facemos un caderno pequeno cunha figura humana en movemento. Logo dun coche
- Creamos flores con papel pinocho e completamos o talo cun rotuladores

TAREFA 9:

- Facemos un mosaico dun golfiño
- Facemos un baixo relevo de plastilina

En Carnota, 7 de setembro de 2021

Mestre especialista de plástica

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Daniel Rodríguez Gándara', written in a cursive style.

Asdo.: Don Daniel Rodríguez Gándara